



## **32.-ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO E DA ESCOLA MUNICIPAL DE GAITAS E OUTRAS ACTIVIDADES EN ESTABLECEMENTOS MUNICIPAIS.**

### PUBLICACIÓNS:

BOP 31/12/2014

### **Fundamento e Natureza**

**Art. 1.-** En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985 reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 132 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; En relación co artigo 20, da mesma Lei, aprobado polo R.D.L. 2/2004 do 5 de marzo, o Concello de Xinzo de Limia establece a taxa por servizos no Conservatorio e na Escola Municipal de Gaitas, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

### **Feito Impoñible**

#### **Art. 2. Feito Impoñible da taxa:**

1. A obrigaón de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace coa formulación das correspondentes matrículas para o curso ou actividade de que se trate.
2. A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse dunha soa vez ao realizar a inscrición.

### **Aplicación da taxa**

**Art. 3.-** A taxa considerase aplicada, nacendo a obriga de contribuír coa iniciación da prestación do servizo, que será no intre en que se formalice a correspondente matrícula.

### **Suxeitos Pasivos**

**Art.4.-** Serán suxeitos pasivos contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas, así coma as entidades a que se refire o Artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten o servizo para as persoas beneficiarias do mesmo.

### **Responsables**

**Art.5.-** Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades as que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **Contía**

**Art. 6.-** As tarifas de estes prezos públicos serán as seguintes:

#### **A) CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA:**

- Dereitos de matrícula ordinaria en grao elemental por curso lectivo: 211,36 €.
- Dereitos de matrícula por materia en grao elemental por curso lectivo: 79,26 €.



- Dereitos de asistencia mensual a clases de grao elemental por curso lectivo: 36,30 €/mes.
- Dereitos de matrícula ordinaria en grao medio por curso lectivo: 317,04 €.
- Dereitos de matrícula por materia pendente en grao medio por curso lectivo: 105,68 €.
- Dereitos de asistencia mensual a clases de grao medio por curso lectivo: 98,52 €/mes.
- Dereitos proba de acceso a grao medio por curso lectivo: 77,78 €.
- Traslado de expediente: 10,57 €.
- Certificacións: 6,34 €.

**B) ESCOLA MUNICIPAL DE GAITAS:**

- Dereitos de matrícula para nivel elemental: 50,15 €.
- Dereitos de matrícula para nivel medio: 75,23 €.
- Dúas ou mais materias: 25,08 € por cada materia a maiores.
- Certificacións: 6,02 €.

**C) ESCOLA DE TEATRO:**

Dereitos de matrícula para todos os niveles: 60,00 €.

**D)** De conformidade co Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, que no seu artigo 24.4 dispón, que para a determinación das contías das taxas poderán terse en conta criterios xenéricos de capacidade económica dos suxeitos obrigados a satisfacelas, bonificaranse as tarifas nos seguintes supostos:

1. Os matriculados que sexan membros de familia numerosa, terán una redución na taxa do 30%.

No caso de que os seleccionados nas escolas citadas nos artigos anteriores, que pertencesen a familias numerosas que conten con ingresos brutos anuais, per cápita, no exercicio das solicitudes inferiores a 5.740 €, quedarán eximidos do pago de estes prezos públicos.

Para gozar de esta exención deberán achegar coa solicitude os seguintes documentos:

Título de familia numerosa vixente a 1 de xaneiro do exercicio en que deba surtir efecto a exención.

Declaración do IRPF dos integrantes da familia: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia no formulen declaración do IRPF, ponse de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorízase á Administración de Tributos do Concello para que busque a información sobre os ingresos da AEAT.

2. Os matriculados que se atopen empadroados no Concello de Xinzo de Límia: terán unha redución nas taxas dun 50%, exclusivamente aplicable no tocante ós dereitos de asistencia mensual das clases de grao elemental e ós dereitos de asistencia mensual das clases de grao medio. Esta redución só se practicará a aqueles alumnos que estivesen empadroados antes do 1 de xaneiro de cada ano natural.

3. As tarifas especificadas nesta ordenanza incrementaranse anualmente en función do IPC correspondente.

**Disposición final**

Esta ordenanza fiscal, aprobada provisionalmente polo Pleno Municipal na reunión do 13 de novembro de 2014, substitúe e derroga á anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día



**CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)**

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

primeiro de xaneiro de 2015, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derrogada expresamente."